

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2021/7	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	25 de febreiro de 2021
<b>Duración</b>	Dende as 13:10 ata as 13:45 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuíña Fernández
<b>Secretario</b>	Maria Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión anterior: 18.02.2021**

**Favorable** **Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**Concello de Silleda**

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 18 de febreiro de 2021.

**Expediente 1598/2020. Contratacións - "ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN CON EXTENDEDORA PARA OBRA PÚBLICA "**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vistas as necesidades a satisfacer, as características do contrato, o tipo de contrato, o obxecto do mesmo: **camión con extendedora para obra pública**, así como o procedemento do contrato, todo elo recollido na providencia de Alcaldía de data 23 de Novembro 2020.

Constando no expediente informe de secretaría nº 036/2020 de 25 de novembro e documento contable A.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes: a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras, e no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 100.000 euros.

Visto que constan no expediente os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas que rexerán a presente contratación.

Visto o informe de fiscalización de data 25/11/2020 do expediente de contratación, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Visto o informe xurídico preceptivo número 38, de data 04/12/2020 á aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Aprobado o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e acordada a apertura da licitación por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de decembro de 2020.

Presentan ofertas no prazo habilitado ao efecto as seguintes empresas:

CIF	Razón social
B27836584	Angal Vehículos Industriales S.L

Admitida a oferta presentada pola Mesa de Contratación en sesión de data 14/01/2021, procédese a avaliación dos criterios automáticos co seguinte resultado:

Razón social	PREZO OFERTADO	AMPLIACIÓN GARANTÍA	REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA	CERCANÍA PUNTO TÉCNICO
<b>Angal Vehículos Industriales S.L.</b>	91.500 € mais 19.215 € de IVE ( 110.715,00 €)	2 anos	0 días.	129,1 km

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa, de conformidade co disposto no artigo 159 da LCSP, acorda requirir a **Angal Vehículos Industriales S.L.**, para que aporte a documentación que se establece na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas particulares no prazo de 7 días hábiles, así como a constitución dunha garantía definitiva do 5 por 100 do prezo final ofertado, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Angal Vehículos Industriales S.L. mediante escrito con Rexistro de Entrada n.º 2021-E-RE-107, de data 19 de febreiro de 2021, presenta a documentación solicitada no requirimento, así como Aval da entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., de data 19 de febreiro de 2021, n.º 665037, polo importe de 4.575,00 €, sendo esta documentación conforme por parte dos membros da mesa de contratación, propoñendo a adxudicación do presente contrato en sesión de data 22/02/2021, a empresa ANGAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES S.L.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal, en data 23/02/2021.

**Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na Resolución do 20 de xuño de 2019, adopota o presente acordo:**

**Primeiro.-** Adxudicar a **ANGAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES S.L** con CIF B27836584 o contrato de **subministro denominado: “ ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN CON EXTENDEDORA”** por importe 91.500 € mais 19.215 € de IVE ( 110.715,00 €).

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas a ampliación da garantía en dous anos adicionais.

**Segundo.-** Dispor o gasto por importe de 110.715,00 euros con cargo á aplicación 453 / 624 / 01 do Orzamento municipal para o exercicio de 2021.

**Terceiro.-** Publicar a presente adxudicación e a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**Cuarto.-** O prazo máximo de execución desta obra **é de 6 meses (180 días naturais)** segundo o establecido no punto 7 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, a contar dende a formalización do contrato administrativo.

**Quinto.-** Requirit ao contratista a presentación dun plan de prevención de riscos laborais de conformidade co disposto no punto 13 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares:

*“De conformidade co establecido no artigo 202 LCSP establécese como condición especial de*



execución do contrato a existencia de medidas para a prevención da sinistralidade laboral. En consecuencia, conforme ao previsto no RD 39/1997, do 17 de xaneiro do 1997, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, o licitador deberá dispoñer dun plan de prevención de riscos laborais, así como dalgunha das modalidades de organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas contempladas no artigo 10 da citada norma regulamentaria”.

**Sexto.-** Requirir ao contratista a presentación das pólizas de seguros de conformidade co disposto no punto 20 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares:

*“Será necesario por iso que concerte un contrato de seguro de responsabilidade civil xeral por riscos profesionais que inclúa os citados no parágrafo anterior, garantindo unha cobertura de 600.000 euros.*

*Nesta póliza deben figurar expresamente como asegurados os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución do contrato imputables ao adxudicatario.*

*O adxudicatario comprometerase a manter a póliza de seguro nas condicións descritas dende a firma do contrato ata a finalización deste”.*

**Sétimo.-** Notificar a **ANGAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES S.L** adxudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

**Concello de Silleda**

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

